2008

2009

2010

2011

2012



2013

2014

2015

2016



2017



2018

2019

O Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado é un certame convocado dende 2008 polo Departamento de Educación do Concello de Santiago en colaboración con KALANDRAKA, e dirixido a autores e ilustradores de todas as nacionalidades. A iniciativa xurdiu no marco da Campaña de Animación á Lectura que veñen organizando ambas entidades dende 2001, co obxectivo de enxalzar este xénero literario e artístico, e proxectar internacionalmente o nome da cidade, a través da publicación de libros de calidade en varias linguas. Trátase dun dos concursos con maior dotación económica no seu ámbito de especialización, con 9.000 euros en concepto de adianto polos dereitos de autor, e cun significativo nivel de participación, ao que se engade o prestixio do xurado que evalúa as obras presentadas.

● OS LIBROS GAÑADORES E OS SEUS AUTORES

<u>I PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2008)</u>
"CERCA", de Natalia Colombo.
Seleccionado entre un total de 346 traballos de varios países.
-Outras distincións recibidas: Recomendación de Lectura (PREMIO FNLIJ Brasil) 2011, II Premio delle Palme de Literatura Infantil (Italia) 2009, Plan Nacional de Lectura (PNL Portugal)

galego

español



catalán

éuscaro

portugués

italiano

inglés

"Cerca" é unha fábula sobre a incomunicación, unha reflexión poética e profunda sobre as relacións interpersonais e o individualismo, os desexos e as emocións. Dende o punto de vista literario destaca pola sinxeleza narrativa e a engranaxe interna do relato, que plasma o paralelismo entre as accións dos protagonistas: un pato e un coello que viven pechados na súa soidade; nese sentido, a obra invita o lector a non darlles as costas aos demais, "privándose da posibilidade de compartir os momentos máis simples e felices da vida". A nivel estético, a autora mestura diversas técnicas, dende a pintura con acrílicos ata o collage, ademais de deseñar unha tipografía propia. Tamén coida o tratamento da luz e utiliza recursos visuais que lle permiten xogar cos conceptos de movemento e simetría, sen esquecer a combinación de cores, texturas e materiais, que lle imprimen estilo e carácter persoal á obra no seu conxunto.

NATALIA COLOMBO (Bos Aires, 1971): Estudou na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da Universidade de Bos Aires, cidade na que reside; colabora co diario La Nación na ilustración de suplementos e participa coa súa obra en diversas exposicións. Tamén ilustrou libros de texto e álbums infantís que se publicaron en varias editoriais.

Charla con profesorado:

II PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2009)
"Un gran soño", de Felipe Ugalde.
Seleccionado entre 266 traballos procedentes de 22 países.
-Outras distincións recibidas: Recomendación de Lectura (PREMIO FNLIJ Brasil) 2011, Plan Nacional de Lectura (PNL Portugal), Premio JUUL (Ikastolas de Navarra).

galego

español

catalán

éuscaro

portugués

inglés

italiano

español para México

"Un gran soño" é un microrrelato que transporta o lector ao fascinante mundo da mitoloxía maia e da astronomía. Conta a historia dun crocodilo que aspira a trascender, a través do tempo e do espazo, máis aló mesmo da súa propia existencia no mundo. A súa figura é a metáfora da especie humana e dos seus individuos, no seu afán por medrar e deixar unha fonda pegada do seu paso pola vida. Como o crocodilo, teñen a convicción de estaren destinados a algo importante -aínda sen saber que, nin como logralo- e nese camiño devórano todo ao seu redor. Os astrónomos maias representaban a Vía Láctea como unha serpe; unha visión que evolucionou ata a imaxe dunha canoa con forma de crocodilo. Vinculado á constelación de Orión, este animal simbolizaba a conexión entre o mundo e o ceo, os homes e os deuses. Outra faceta destacada da Vía Láctea é o seu vínculo ao Camiño de Santiago, como guía dos peregrinos na súa ruta cara a Compostela.

FELIPE UGALDE (México, 1962): Estudou Comunicación Gráfica na Escola Nacional de Artes Plásticas da UNAM (México), onde foi profesor de Ilustración. Ao longo da súa traxectoria artística recibiu diversos galardóns. Participa coa súa obra en exposicións e imparte obradoiros de plástica. Traballa como ilustrador de álbums infantís, libros de texto e material didáctico dende hai máis de 20 anos.

Encontro con alumnado de Bacharelato Artístico no IES do Sar:

III PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2010)
“A Familia C”, de Pep Bruno e Mariona Cabassa.
Seleccionado entre 519 traballos enviados dende 16 países.
-Outras distincións recibidas: Plan Nacional de Lectura (PNL) Portugal.

galego

español

catalán

éuscaro

portugués

italiano


inglés

...Porque o circo é moito máis ca unha carpa chea de artistas insólitos e animais habilidosos; é un espazo onde se cruzan realidade e irrealidade, un lugar neste mundo que pertence a outro mundo: o da ficción e maila maxia. “A familia C” é unha familia que adora o ambiente circense e canto significa de posible-imposible. E ese amor pola fantasía, o xogo de irreal-realidade, é o que permite que a rutina fastía dos seus días se impregne de ilusión. A familia C vive unha vida normal, pero ese caudal de enxeño énchea de cor e posibilidades; vive así no soño dos días fermosos, onde facer o almorzo ou ir traballar pode acabar sendo unha grande aventura. As ilustracións, feitas con técnica mixta, destacan polo seu colorido e forza expresiva.

PEP BRUNO (Barcelona, 1971): Licenciado en Filoloxía Hispánica, Teoría da Literatura Comparada, e diplomado en Traballo Social. Escritor e narrador oral, imparte cursos, obradoiros e realiza actividades vencelladas aos libros e á animación lectora. Ten publicados varios álbums infantís e libros de contos para adultos. Gañou o IV Premio Internacional de Álbum Ilustrado Biblioteca Insular Cabildo de Gran Canaria.

MARIONA CABASSA (Barcelona, 1977): Estudou na Escola Massana de Barcelona e completou a súa formación en Francia. Participou en diversas exposicións de gravado e ilustración, e imparte cursos de arte e deseño. Recibiu o Premio da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña en 2003 e 2009. Foi seleccionada en 2005 para participar na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Tamén publicou álbums para público infantil.

Encontro de Pep Bruno e Mariona Cabassa con alumnado de Bacharelato Artístico do IES do Sar:

IV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2011)
"A viaxe de Olaf", de Martín León-Barreto.
Seleccionado entre 374 traballos procedentes de 19 países.
-Outras distincións recibidas: incluído na selección The White Ravens 2012 (Biblioteca Internacional da Xuventude, Munich)



galego

español

catalán

éuscaro

portugués

O protagonista deste relato acumulativo, de estrutura repetitiva e circular, é unha sorte de Principiño que, farto da soidade, emprende un camiño iniciático. Axústase a un esquema baseado nos contos tradicionais: rimas, xogo de contrarios, diálogo reiterativo, oralidade... Diversos animais fantásticos vanlle facendo compaña e conformando un grupo heteroxéneo e compacto: o peixe que tiña a cola do revés, o cabalo alado, o tigre arco da vella, o elefante elegante... "A viaxe de Olaf" destaca pola profusión de colorido e pola harmoniosa combinación cromática. Son ilustracións de formas xeométricas dotadas de movemento e dinamismo, e integradas como pezas dun complexo crebacabezas faunístico. Olaf fainos partícipes dunha aventura a través do día e da noite, sobre a amizade e a xenerosidade.

MARTÍN LEÓN BARRETO (Montevideo, 1973): É deseñador gráfico e ilustrador dende 1991; especialista en deseño de coleccións e portadas para libros infantís e xuvenís. Afincado en Guadalaxara (España), colabora con diversas editoriais e medios de comunicación. É ilustrador do equipo multimedia 'Tres'.

Encontro con estudantes de Bacharelato Artístico no IES do Sar:

V PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2012)
"Bandada", de David Daniel Álvarez Hernández e María Julia Díaz Garrido.
Seleccionado entre 256 traballos procedentes de 19 países.
-Outras distincións recibidas: The White Ravens 2013, Los mejores libros para niños y jóvenes (Banco del libro de Venezuela) 2014, Plan Nacional de Lectura (PNL) Portugal.



galego

castelán

catalán

éuscaro



portugués

italiano

O relato, a base de frases breves e sutís, propón unha profunda reflexión sobre a historia da humanidade: o desenvolvemento dunha sociedade que inicialmente busca o coñecemento, o progreso técnico e científico, o benestar e un bo porvir, pero que nese tránsito perverte os seus principios, xera violencia e dominación dos fortes sobre os débiles. Dende o punto de vista estético, destaca polo simbolismo das ilustracións, protagonizadas por toda clase de paxaros humanizados, representados cun extraordinario detallismo, en branco e negro. O xurado destacou o "virtuosismo" da técnica artística para conseguir imaxes dunha "extraordinaria calidade e forza expresiva".

DAVID DANIEL ÁLVAREZ HERNÁNDEZ (México D.F., 1984): Licenciado na Escola de Deseño do Instituto Nacional de Belas Artes de México (EDINBA). Os seus estudos de Artes Plásticas levárono ao campo da ilustración, no que recibiu varios recoñecementos a nivel internacional: 1º Premio de Ilustración (categoría de Estu-dante) no Encontro Latinoamericano de Deseño 2011, organizado pola Universidade de Palermo; 2º posto no Catálogo de Ilustradores para Publicacións Infantís e Xuvenís da Cidade de México 2011. Tamén foi seleccionado para a Bienal Ilustrarte 2012, en Lisboa.

MARÍA JULIA DÍAZ GARRIDO (México D.F., 1986): Licenciada en Deseño pola Escola de Deseño do Instituto Nacional de Belas Artes de México (EDINBA). Participou en diversos obradoiros de creación e de edición de libros ilustrados; algúns impartidos por recoñecidos artistas como Gabriel Pacheco, Javier Zabala ou Suzanne Zeller.

Presentación aos estudantes do IES do Sar:

VI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO 2013
"Mamá", de Mariana Ruiz Johnson.
Seleccionado entre 374 traballos procedentes de 21 países.



galego



castelán



catalán



éuscaro



portugués



inglés



italiano

MARIANA RUIZ JOHNSON (Bos Aires, 1984): Estudou Artes Visuais no Instituto Universitario Nacional de Arte, en Bos Aires. Formouse na escola Sótano Blanco co ilustrador colombiano José Sanabria e asistiu a talleres de ilustración en Europa. Imparte clases de procesos creativos en Sótano Blanco e outros seminarios de técnicas artísticas nesa mesma academia. En 2009 foi finalista do Premio A la Orilla del Viento de Fondo de Cultura Económica. Publicou varios libros da súa autoría con editoriais latinoamericanas, europeas e asiáticas.

Visita ao alumnado de Bacharelato Artístico do IES do Sar:

VII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO 2014
"Ícaro", de Federico Delicado
Seleccionado entre 255 traballos procedentes de 21 países
-Outras distincións: The White Ravens 2015 (Biblioteca Internacional da Xuventude en Munich), Lista de Honra IBBY (Ilustración) 2016, Premio Fundación Cuatrogatos 2016

galego

castelán

catalán

éuscaro



portugués

Un neno chega a un centro de acollida e os asistentes intentan averiguar o paradoiro dos pais. Pero ao contrario do que estes cren, non se trata dun neno abandonado; o protagonista desta fermosa historia fainos partícipes doutra realidade, allea aos convencionalismos. "Ícaro" trata sobre o desexo de liberdade, a diferenza, a esperanza; a súa mensaxe identifícase con quen vai contracorrente, ante a incomprensión dos que o rodean, incapaces de ver máis aló do aparente. A obra de Federico Delicado transcorre paralelamente en dous planos distintos: por un lado, a realidade e as ciencias físicas ou sociais ao servizo do establishment; por outro, a fantasía e a arte como medios de expresión. Tamén se alternan dous momentos: un presente marcado pola incertidume, e un tempo anterior onde se contextualiza a situación desta familia. A nivel estético, diferéncianse polo predominio de tons apagados e de cores vivas, respectivamente, con imaxes que recordan a Hopper. O texto, evocador do mito de Ícaro e da obra de Kafka, pódese ler en clave metafórica: a vontade como medio para afrontar situacións adversas, fabular sobre a propia vida como guión creativo. Porque non todo o que ocorre na realidade é verdadeiro. Porque nunca hai que ter medo a voar.

FEDERICO DELICADO (Badaxoz, 1956): Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. En 1970 iniciou a súa traxectoria profesional elaborando materiais audiovisuais e traballos para prensa. Participou en exposicións de pintura e de escultura. Nos últimos anos publicou numerosos libros para público infantil e xuvenil.

Con estudantes do IES do Sar:

VIII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO 2015
"Despois da chuvia", de Miguel Cerro
Seleccionado entre 340 originales procedentes de 20 países
-Outras distincións: Premio JUUL (ikastolas de Navarra), Programa Nacional de Lectura en Portugal, Premio FNLIJ Brasil 2011

galego

castelán

catalán

éuscaro

portugués

italiano

"Despois da chuvia" é unha fábula moderna sobre a superación das adversidades, a adaptación ao medio e a colaboración duns cos outros para a supervivencia do colectivo. Un diluvio inunda o bosque e os seus habitantes terán que saír adiante nun improvisado refuxio. Un pequeno raposo ofrecerase para buscar comida e auga, pero o grupo non cre nas súas capacidades -nin nas súas intencións- e encomenda esas tarefas a outros animais. Nesta obra están presentes a solidariedade e o traballo en equipo na busca do ben común, que non depende do luxo, senón de elementos esenciais -e mesmo inmateriais- para atender as necesidades básicas.

MIGUEL CERRO (Córdoba, 1985): (Córdoba, 1985)
Técnico superior en Deseño Gráfico, ampliou a súa formación en varios cursos e talleres con ilustradores. Dedícase profesionalmente á ilustración e ao deseño gráfico dende 2008. Realizou numerosos traballos de deseño, publicidade e ilustración, especializándose en carteles e libros ilustrados. Como autor ou ilustrador publicou máis dunha ducia de obras, algunhas das cales recibiron premios e mencións en diversos concursos. Foi seleccionado para a Bienal de Bratislava 2015 e 2017 e para o Catálogo Iberoamericano de Ilustración 2013. Participou en exposicións realizadas en Madrid e Andalucía.

Encontro con alumnado de Bacharelato Artístico no IES do Sar

IX PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO 2016
"Unha última carta", de Antonis Papatheodoulou e Iris Samartzi
Seleccionado entre 240 trabajos procedentes de 24 países
-Outras distincións: Lo + 2016 (Canal Lector – Fundación Germán Sánchez Ruipérez)

galego

castelán

catalán

éuscaro

portugués

italiano

Esta obra -da que destaca a súa presentación a modo de carta- transpórtanos a unha pequena e fermosa illa mediterránea cuxos habitantes teñen a fortuna de contar cun amable carteiro. Máis de 50 anos de servizo chegan ao seu fin nunha derradeira xornada de traballo que resultará inesquecible para todos. Empregando unha linguaxe poética e metafórica que xoga cos contrastes, Antonis Papatheodoulou presenta unha entrañable e emotiva homenaxe ao vello oficio de repartir cartas: o protagonista é un mensaxeiro vocacional, comprometido co valioso material que transporta na súa saca, cargada de afectos, recordos, boas e malas novas... As ilustracións completan e enriquecen o texto cun orixinal collage de imaxes relacionadas co gremio postal: sobres, selos, palabras manuscritas que trazan a forma dos personaxes... Cun estudado esquema cinematográfico, Iris Samartzi combina distintos tipos de planos, ata o extremo de situar a ollada dos lectores no interior do bolso do carteiro. Tamén se coida o aspecto cromático, cunha luminosa paleta na que predominan brancos, azuis, ocres, e coa que mesmo se plasma a carga simbólica de cada cor.

ANTONIS PAPATHEODOULOU (Pireo, Grecia, 1977): Estudou Animación; actualmente estuda Lingua e Cultura Española na Universidade Aberta de Grecia. Publicou máis de 40 libros infantís. Recibiu o Premio de Libro Infantil da revista Diavaso en 2011; o Premio Nacional Grego de Libro Ilustrado en 2011 e 2012, este último cunha obra ilustrada por Iris Samartzi; e o Premio de Libro Ilustrado da sección grega de IBBY. Cinco títulos da súa autoría figuran nas listas The White Ravens.

IRIS SAMARTZI (Atenas, 1979): Estudou Deseño Gráfico e Interior, ademais de Ilustración infantil. Traballa como ilustradora de libros infantís e profesora de debuxo en Educación Primaria. Xunto co X Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, recibiu, entre outros, o Premio Nacional de Libro Ilustrado da sección grega de IBBY en 2017, 2015 e 2012, este último por un libro con texto de Antonis Papatheodoulou. Unha das súas obras tamén figura na Lista de Honra IBBY 2014.

Encontro con alumnado de Bacharelato artístico do IES do Sar:

Visita á oficina de Correos en Compostela:

X PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO 2017
"A horta de Simón", de Rocío Alejandro
Seleccionado entre 212 traballos dende 20 países
-Outras distincións: Premio Fundación Cuatrogatos 2019



galego



castelán

catalán

éuscaro



portugués



italiano



inglés

O coello Simón plantou moitas cenorias pero alguén lle suxeriu que puxera leitugas, alguén tomates, alguén berenxenas… e a horta medrou, enchéndose non só de vexetais senón tamén duns labregos moi especiais: o rato, a galiña, o chibo, o porquiño, a raposa… Inspirándose na horta comunitaria do seu barrio, a autora crea un eloxio ao traballo colectivo, á convivencia en harmonía e en contacto coa natureza. Destaca a progresión narrativa do texto, que comeza contando os pasos necesarios para crear un horto. Tamén recorre á estrutura acumulativa para presentar os personaxes que sucesivamente se van incorporando á historia. As ilustracións, de tons ocres e alaranxados en concordancia co escenario do relato, están elaboradas coa técnica da estampación mediante selos entintados; un proceso creativo moi laborioso porque todas e cada unha das partes de cada un dos personaxes e utensilios representados foron impresos individualmente co seu correspondente selo. Polo seu carácter universal, a clara intención ecolóxica e comunitaria, e os distintos niveis de lectura que achega, "A horta de Simón" trascende a súa aparente sinxeleza para revelarse como un libro de múltiples lecturas.

ROCÍO ALEJANDRO (Bos Aires, 1978): Estudou Deseño Gráfico Publicitario pero a ilustración infantil é a súa "verdadeira vocación". Participou en varios talleres e cursos que a orientaron na súa traxectoria artística. Ilustrou libros publicados tanto en Arxentina como noutros países. Imparte clases de ilustración infantil no espazo Mundos Ilustrados, en Bos Aires.

Encontro con alumnado de Bacharelato Artístico do IES do Sar:

Encontro con alumnado do CIFP Compostela:

Visita ás hortas municipais de Belvís:

Presentación no Espazo Kalandraka de Madrid:

XI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO 2018

"Cándido e os demais", de Fran Pintadera e Christian Inaraja

-Outras distincións: 1º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados de 2018 (categoría infantil-xuvenil)



galego



castelán



catalán



éuscaro

portugués

italiano



inglés

Todos somos diferentes. Con esta premisa preséntasenos a Cándido, unha persoa peculiar cunha gran necesidade de expresarse ante o mundo que o rodea, de ser comprendido e aceptado. Poucas veces un texto tan aparentemente sinxelo propicia unha reflexión tan fonda e necesaria nunha sociedade complexa como a actual. O protagonista da obra distinguida co XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado séntese estraño; comparte cos lectores a súa ollada cara ao resto da xente, á vez que somos partícipes de como os outros percíbeno a el. Alleo á masa uniformizada e seguidista das tendencias cambiantes, Cándido pode sentirse fóra de lugar pero intenta pasar desapercibido; é un ser sensible á inseguridade e á soidade que se pode sentir sendo ignorado. E malia que o mundo se convertese nun lugar hostil cara á natureza e ás persoas, o positivo de todo é que sempre hai un punto de encontro que une a *Cándido e os demais*. Ou non todos eles. Paralelo á sinxeleza narrativa, a linguaxe gráfica destaca pola economía de recursos -trazos esquemáticos e grosos, fondo neutro, cores planas- e o recurso a metáforas visuais que representan o abano de emocións e sensacións que experimenta Cándido.

FRAN PINTADERA (As Palmas de Gran Canaria, 1982): Licenciado en Psicopedagoxía, diplomado en Educa-ción Social e técnico superior en Integración Social. É narrador oral, director de teatro social e escritor de literatura infantil. Participou nos principais festivais peninsulares de narración. A súa obra, publicada en varias editoriais, figura nas bibliografías da Fundación Cuatrogatos e da Fundación Germán Sánchez Ruipérez. En 2017 recibiu o XIV Premio de Poesía Infantil La Luna de Aire.

CHRISTIAN INARAJA (Vic, 1972): Dedícase á ilustración editorial -con máis de cen obras publicadas-, o cartelismo e colabora en varios medios dirixidos a público infantil e xuvenil. Participou en exposicións en España e noutros países. É codirector do Festival Europeo de Curtametraxes de Reus, coordina a área de ilustración na Escola de Arte ILLA de Sabadell, e formou parte da directiva na Associació Professional d'Il·lustradors de *Catalunya* e no Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil.

Encontro con alumnado do IES do Sar:

Encontro con alumnado do CIFP Compostela:

Entrevista para Kalandraka Tv:

Escaparates en librarías de Compostela:

XII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO 2019
"O can de Milu", de Mariann Máray
Seleccionado entre casi 300 trabajos procedentes de 24 países

galego

castellano

catalán

éuscaro

Portugués

italiano

inglés

O amor polos animais, a amizade incondicional ante as adversidades e, sobre todo, a liberdade son as cualidades sobresaíntes na obra distinguida co XII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. «O can de Milu», de Mariann Máray, é a historia dunha nena e da súa peculiar mascota, que se converte no seu gran compañeiro de xogos e de diversión. Ter un animal de compañía é unha responsabilidade importante: a súa alimentación, a supervisión do seu crecemento e as visitas veterinarias son aspectos que non pasan desapercibidos neste libro. Tamén destaca a ausencia de prexuízos da protagonista fronte ao rexeitamento doutras persoas -baixo a influencia de estereotipos e convencións sociais- á diversidade: Peluso é "moi especial", como ela mesma expresa con entusiasmo. O intenso e abundante colorido das ilustracións transpórtanos dende o bosque á cidade, pasando polo fogar, coa natureza como destino e espazo de reflexión e de liberdade.

MÁRIANN MÁRAY (Hungría, 1978): Graduada en Artes Aplicadas pola Universidade de Moholy-Nagy e especialista en comunicación visual. Estudou lingua e literatura italiana na Universidade de Budapest e traballa como ilustradora de libros para público infantil. Dende 2009 publicou numerosas obras, ademais de participar en exposicións. En 2017 foi seleccionada para a Bienal de Ilustración de Bratislava e a exposición de ilustración da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Nesta última foi finalista do concurso Silent Book 2019.

● OS LIBROS FINALISTAS

I PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2008)
"A nube de Martín", de Javier Sobrino e Rebeca Luciani.

II PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2009)
"Dialogando con un papel en blanc", de Tommaso Nava.

III PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2010)
"Bailar nas nubes", de Vanina Starkoff.



IV PREMIO INTENACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2011)
"Que che gustaría ser?", de Arianna Papini.

V PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2012)
"Seré...", de Daniela Iride Murgia.

VI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2013)
“Panda”, de Marcos Guardiola Martín.
“Un día cualquiera”, de Cristina Martín Recaséns.

VII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2014)
“Sonho com asas”, de Fátima Afonso e María Teresa Martinho Marques.

VIII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2015)
“Anabela, a pinguim friorenta”, de Ana Rita Pinheiro Marques dos Reis.

IX PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2016)
“Por alí, o infinito”.
“Nina e Antón”, de Antonio Ventura e Alejandra Estrada.



X PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2017)
“Distinta”, de Diana Sofía Zapata Ochoa ‘Sozapato’.

XI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2018)
“O colar de bágoas”, de Anna Pedron e Franca Perini

XII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2019)
“Atrapamiradas”, de Marina Núñez Monterroso y Avi Ofer.

● O XURADO DOS PREMIOS COMPOSTELA

I PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2008)

Fernando Krahn - Miguel Catalayud - Óscar Villán - Xabier P. Docampo - Óscar Villán - Marc Taeger
Manuela Rodríguez - Guadalupe Rodríguez - Xosé Manuel Rodríguez-Abella - Beatriz Varela

II PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2009)

Esther Tusquets - Xosé Cobas - Luis Mendonça - Manuela Rodríguez - Guadalupe Rodríguez
Xosé Manuel Rodríguez-Abella - Beatriz Varela

III PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2010)

David Pintor - Gustavo Rosemffet 'Gusti' - Xabier Senín - Manuela Rodríguez - Mercedes Rosón
Xosé Manuel Rodríguez-Abella - Beatriz Varela

IV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2011)

Roberto Innocenti - Federico Martín Nebras - Paula Carballeira - Manuela Rodríguez - Mercedes Rosón
Xosé Manuel Rodríguez-Abella - Beatriz Varela

V PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2012)

Felicidad Orquín - Xan López Domínguez - Manuela Rodríguez - Ángel Currás Fernández
Xosé Manuel Rodríguez-Abella - Beatriz Varela

VI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2013)

Emilio Urberuaga - María José Ferrada - Juana Vázquez - Manuela Rodríguez
María Castelao - Xosé Manuel Rodríguez-Abella - Beatriz Varela

VII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2014)

João Vaz de Carvalho - Fina Casalderrey - Ángeles Abelleira - Manuela Rodríguez - María Castelao
Xosé Manuel Rodríguez-Abella – Beatriz Varela

VIII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2015)

Federico Delicado - Victoria Fernández - Gracia Santorum - Manuela Rodríguez - Teresa Cancelo
Xosé Manuel Rodríguez-Abella - Beatriz Varela

IX PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2016)

Carme Solé Vendrell - Miguel Azaola - Ánxeles Roca - Manuela Rodríguez - Manuel Dios
Xosé Manuel Rodríguez-Abella - Beatriz Rodríguez

X PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2017)

Teresa Durán - Xabier P. Docampo - Miguel Calatayud - Manuel Dios - Xosé Manuel Rodríguez-Abella
Beatriz Varela - Manuela Rodríguez

XI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2018)

Arianna Papini - Miguel Ángel Fernández-Pacheco - Xosé Cobas - Manuel Dios - Manuela Rodríguez
María Dolores Casás

XII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO (2019)

Nazaré de Sousa - José Morán - Noemí Villamuza - Xosé Cobas - Manuela Rodríguez - Manuel Dios
María Dolores Casás

● A PROXECCIÓN INTERNACIONAL DO CERTAME

KALANDRAKA participa activamente nas principais feiras internacionais do libro: Boloña (Italia), Frankfurt (Alemaña), Liber (Madrid/Barcelona), Bos Aires (Arxentina), Guadalajara (México), Book Expo América (EEUU), Beijing e Shanghai (China), Tokyo (Xapón)... No stand de Kalandraka figuran nun lugar destacado as obras galardoadas co Premio Compostela, que tamén teñen protagonismo na decoración do propio espazo. En torno aos álbums galardoados co Premio Compostela tamén se organizan actividades: presentacións para editores, libreiros e bibliotecarios; accións de promoción do certame dirixidas a escritores e ilustradores; encontros cos autores das obras premiadas...

Presentación de "Cerca", coa súa autora, Natalia Colombo, na Feira do Libro de Bos Aires 2009

Stand de Kalandraka na Feira Internacional do Libro de Beijing (China) en 2009

Stand de Kalandraka na Feira Internacional do Libro de Boloña (Italia) en 2009

Presentación de "Un gran soño" con Felipe Ugalde na Feira Internacional do Libro de Guadalaxara (México) en 2009

Público asistente á presentación de “Un gran soño” na FIL de Guadalaxara (México)

Felipe Ugalde asinando exemplares de “Un gran soño” no stand de Kalandraka FIL de Guadalajara

Stand de Kalandraka (Libros para Soñar) na FIL de Guadalajara (México) en 2010, con “A familia C” e “Bailar nas nubes”

kalandraka

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación

O Premio Compostela: UN CAMIÑO EN SETE LINGUAS

Kalandraka invítavos ao encontro «O Premio Compostela: un camiño en sete linguas»,
que terá lugar o mércores 24 de marzo ás 16:30 h
no salón Melodia (Centro de Servizos, bloque B), no que intervirán:
Lola Barceló, directora de Kalandraka Italia, e Silvia Pérez, editora de Kalandraka.

El Premio Compostela: UN CAMINO EN SIETE LENGUAS

Kalandraka os invita al encuentro "El Premio Compostela: un camino en siete lenguas",
que tendrá lugar el miércoles 24 de marzo a las 16:30 h
en el Salón Melodia (Centro de Servicios, bloque B), en el que intervendrán:
Lola Barceló, directora de Kalandraka Italia, y Silvia Pérez, editora de Kalandraka.

Il Premio Compostela: UNA STRADA IN SETTE LINGUE

Kalandraka ha il piacere d'invitarLa all'incontro "Il Premio Compostela:
una strada in sette lingue" che avrà luogo mercoledì 24 marzo ore 16:30
nella Sala Melodia (Centro Servizi, blocco B) a cura di
Lola Barceló, direttrice di Kalandraka Italia, e di Silvia Pérez, editrice di Kalandraka.

Lola Barceló, de Kalandraka Italia, e Xosé Ballesteros, director de Kalandraka, nun encontro con bibliotecarios, libreiros, editores, autores e ilustradores, na Feira Internacional do Libro de Boloña en 2010

Con editores chineses na Feira Internacional do Libro de Frankfurt 2010

Stand de Kalandraka en Liber (Madrid), coa imaxe de “A viaxe de Olaf”, en outubro de 2011

"A viaxe de Olaf", na presentación da selección The White Ravens, durante a Feira do Libro de Boloña 2012

Stand de Kalandraka na Feira do Libro de Boloña 2012, decorado con ilustracións de "A viaxe de Olaf"

A autora de “Cerca”, Natalia Colombo, na Feira do Libro de Bos Aires 2012, na que Kalandraka expuxo as obras do Premio Compostela no stand colectivo de “Libros para atesorar”



José Manuel Mateo, de Kalandraka México, e Xosé Ballesteros, director de Kalandraka, na FIL de Guadalaxara, con obras distinguidas co Premio Compostela no stand de “Libros para Soñar” (Kalandraka)

Os autores de “Bandada” asinaron exemplares na FIL de Guadalaxara 2012

Stand de Kalandraka na Feira do Libro de Boloña 2013, decorado con imaxes de “A viaxe de Olaf”

“Bandada”, na selección The White Ravens durante a Feira do Libro de Boloña 2013

As autoras Natalia Colombo e Mariana Ruiz Johnson, no stand colectivo de 'Libros para atesorar', onde se atopan Kalandraka, na Feira do Libro de Bos Aires 2013

Os libros de Kalandraka, entre eles "Bandada" e outras obras distinguidas co Premio Compostela, na Feira do Libro de Lima 2013

A escritora Elena Poniatowska no stand de Kalandraka na FIL de Guadalaxara 2013, decorado coas ilustracións de "Mamá"

Stand de Kalandraka na Feira do Libro de Frankfurt 2013

Stand de Kalandraka en LIBER (Madrid) 2013

Stand de Kalandraka na Feira do Libro de Boloña 2014

Natalia Colombo asina exemplares de "Vicini" (Cerca) na Feira do Libro de Boloña 2014

"Mamá" na Feira do Libro de Lima 2014, onde os libros de Kalandraka estiveron presentes a través do stand de Polifonía

Tradución ao alemán de "Mamá", no stand da editorial Bohem Press, na Feira do Libro de Frankfurt 2014

Stand de Kalandraka na Feira do Libro de Frankfurt 2014, decorado con ilustracións de “Ícaro”

Stand de Kalandraka na Feira do Libro de Boloña 2015

Natalia Colombo e Mariana Ruiz Johnson, na Feira do Libro de Bos Aires 2015

“Mamá”, na Feira do Libro de Bos Aires 2015, no stand colectivo de “Libros para atesorar”

Firma de “Sonho com asas” coas autoras da obra finalista do VIII Premio Compostela na Feira do Libro de Lisboa 2016

Stand de Kalandraka na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2017 ambientado cunha ilustración de “Unha última carta”, IX Premio Internacional Compostela, e visita do autor

Stand de Kalandraka na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2018 decorado cunha ilustración de “Unha última carta”, IX Premio Internacional Compostela, e presentación na libraría Ubik

Stand de Kalandraka na Feira Internacional do Libro de Frankfurt 2018 decorado cunha ilustración de “Cándido e os demais”, XI Premio Internacional Compostela

Stand de Kalandraka na Feira Internacional do Libro de Frankfurt 2019 decorado cunha ilustración de “O can de Milu”, XII Premio Internacional Compostela

Como resultado do traballo realizado por KALANDRAKA nas feiras internacionais, os libros galardoados co Premio Internacional Compostela atópanse nas librarías, nas escolas e nos fogares de nenos e nenas doutros países, a través dos acordos suscritos con editores estranxeiros para traducir e publicar estes álbums nas linguas correspondentes.



“Cerca” en coreano e francés para Quebec. Tamén foi publicado en alemán

“Un gran soño” en coreano e alemán



Vendéronse dereitos de tradución de “Mamá” a chinés, coreano, francés e alemán

“Bandada” foi traducido a alemán

“Que che gustaría ser?” foi traducido a francés

“Bailar nas nubes” chegou ao mercado coreano e esloveno

“Despois da chuvia” traduciuse ao francés, coreano e chinés

“Unha última carta” foi traducido a sueco, grego, chinés complex e simplificado